

# III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “CONCELLO DE LOURENZÁ” 2019

## BASES

- 1.- A Concellería de Cultura do Concello de Lourenzá (Lugo) convoca o III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “CONCELLO DE LOURENZÁ”.
- 2.- Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.
- 3.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse ben nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou ben por correo, enviando a seguinte documentación:
  - Ficha de inscrición que aparece na páxina web do Concello.
  - Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
  - Ficha artística e técnica.
  - DVD ou pendrive coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso.

Esta documentación enviarase á seguinte dirección:

Concello de Lourenzá  
(III Certame de teatro afeccionado)  
Praza do Conde Santo  
27760 Lourenzá (Lugo)

- 4.- O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o día 30 de setembro de 2019.
- 5.- As representacións terán lugar no salón de actos do Concello os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de 8 actuacións (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario das representacións será establecido pola organización.

6.- No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral profesional.

Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados ou os representantes nos que deleguen.

7.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.

8.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 300 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para recibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).

9.- Establécense os seguintes premios:

- Premio “Conde Santo” á mellor representación: 750 € e trofeo.
- Premio “Lourenzo” ao mellor actor: trofeo.
- Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.
- Premio mellor actor de reparto: trofeo.
- Premio mellor actriz de reparto: trofeo.
- Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considerara oportuno.

10.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrá a cargo dos participantes. As medidas aproximadas do escenario son:

ancho: 5 m.

fondo: 4.80 m.

alto: 3 m. (na parte máis baixa).

11.- A xestión e o pago á SGAE polos dereitos de autor (se os houbera) correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.

- 12.- Os grupos seleccionados deberán proporcionar á organización carteis do seu espectáculo (formato A3) cunha antelación mínima de quince días á data de comezo do certame.
- 13.- O Concello poderá cobrar unha entrada simbólica en cada representación, que en todo caso aprobará a Xunta de Goberno Local.
- 14.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola Organización.
- 15.- Teléfono de Contacto: 982121006 (M<sup>a</sup> José)

Organiza:



**CONCELLO DE LOURENZÁ**

Colabora:



**DEPUTACIÓN DE LUGO**

# FICHA DE INSCRICIÓN

## DATOS DA COMPAÑÍA OU GRUPO DE TEATRO:

NOME:

POBOACIÓN:

CIF:

## DATOS DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS:

DIRECCIÓN:

POBOACIÓN:

CP:

TELÉFONOS:

CORREO ELECTRÓNICO:

## DATOS DA MONTAXE:

TÍTULO:

AUTOR:

DURACIÓN:

